

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 4 DE MARZO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da vía Pontearnelas-Cabanelas que discorre polos termos municipais de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa a prol da Deputación Provincial de Pontevedra

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Flúidos
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Programación da Producción en Fabricación Mecánica
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Farmacia e Parafarmacia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Cabanas, para a execución da obra: Dotación de abastecemento de auga e mellora para o Polígono de Vilar do Colo e futura ampliación industrial. Cabanas. (A Coruña)" de clave OH.215.962 por importe dun millón seiscentos quince mil trescentos once euros (1.615.311,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación Provincial de Pontevedra, para o desenvolvemento dunha rede de dinamización, coordinación e mellora do comercio retalista

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba o Plan Estratéxico de Actuación para a Promoción e Comercialización Turística Internacional do Camiño de Santiago, con ocasión do Ano Santo Xacobeo 2010
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a *Sociedade de Imaxe de Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA)*, a *S.A. de Xestión do Plan Xacobeo* e *Vueling Airlines, S.A.*, para a promoción turística de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a *Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA)* e a compañía aérea *Air Berlin PLC & CO. Luftverkehrs KG*, para a promoción turística de Galicia
- Acordo para o recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable da Colección Etnográfica e de Cerámica Regal-Xunqueira

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se establece a relación de organismos autónomos e entidades públicas empresariais con participación da Comunidade Autónoma de Galicia obrigados a elaborar un plan de igualdade

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de comercio de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de avaliación do proxecto "Concellos saudables" 2008/2009 e previsións para o ano 2010

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Declaración institucional da Xunta de Galicia en conmemoración do Día Internacional das Mulleres

A XUNTA DE GALICIA APROBA A NOVA NORMATIVA DE HABITABILIDADE, QUE CONTA CUN AMPLO RESPALDO DOS COLECTIVOS QUE INTERVEÑEN NO PROCESO DE PROMOCIÓN E CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS

- *O texto legal nace despois dun amplo consenso con todos os colectivos implicados, o que contrasta coa ampla contestación da anterior norma, elaborada polo Goberno bipartito*
- *A normativa de habitabilidade regula todos os aspectos que debe cumprir unha vivenda para considerarse habitable*
- *Este novo regulamento evita conflitos con outras normas sectoriais e co planeamento urbanístico*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou a nova normativa de habitabilidade que regula as condicións que deben cumprir as vivendas para seren consideradas como tal e que substitúe a Norma do Hábitat, elaborada pola anterior Consellería de Vivenda, que tivo unha ampla contestación por parte de todos os colectivos que interveñen no proceso de construción de vivendas, así como por parte dos concellos galegos, que consideraron que a dita norma invadía parte das súas competencias.

A Normativa de Habitabilidade nace dun amplo consenso de todos os axentes que participan na promoción e construción de vivendas en Galicia, e conta cun amplo apoio que contrasta coa contestación da anterior norma.

A Normativa de Habitabilidade aprobada hoxe establece os requisitos mínimos de funcionalidade que deben cumprir as vivendas para considerarse habitables, garantindo as axeitadas condicións funcionais que deben reunir as vivendas sen entrar en conflito co resto da normativa que deben cumprir os edificios destinados a uso residencial.

No novo texto legal axústanse lixeiramente os estándares dimensionais e de superficies mínimas que deben cumprir as distintas pezas das vivendas. Non existen grandes diferenzas coa normativa anterior, as máis significativas son as seguintes:

- Permítese a solución de apartamentos (*lofts*) dunha única estancia que a normativa anterior non permitía.
- Redúcense as dimensións mínimas exixibles do lavadoiro-tendal.
- Establécense tolerancias dimensionais que permitan asumir os imprevistos xurdidos no proceso construtivo.
- Elimínanse as rixideces na distribución das pezas que a anterior normativa establecía cando non redundan nunha clara mellora das condicións das vivendas.

- Adecúanse as exigencias dos espazos comúns de comunicación ás determinacións do Código Técnico da Edificación e suprímese a necesidade de inclusión de patios de iluminación para os distribuidores e escaleiras nos casos en que o CTE o permite e axústanse as condicións dos patios á ditas determinacións.

Pola contra, elimínanse desta normativa todas as exigencias que deben ser reguladas no planeamento urbanístico e non nunha norma de habitabilidade, como son as relativas á composición arquitectónica e regulamentación de voos, xa que non inciden na habitabilidade das vivendas e a súa regulación correspóndelle ao planeamento urbanístico.

No mesmo sentido, o mencionado decreto resolve os conflitos co planeamento que provocaba a anterior norma do hábitat. Desta maneira serán regulados no planeamento urbanístico aqueles aspectos que só poden regularse no momento da súa redacción como son:

- as condicións que deben cumprir os espazos exteriores a que se abren as vivendas
- as condicións de orientación e asolamento das vivendas.

Deste xeito evítase a imposibilidade de construír edificios de vivendas en soares onde o planeamento prevé o uso residencial pero as estritas condicións da norma do hábitat impedían de facto o cumprimento das determinacións en materia de habitabilidade.

Por estes motivos, a presente normativa remítese ao planeamento, vixente ou ao que vaia ser aprobado no futuro, para regulamentar estes aspectos.

O decreto de habitabilidade elimina todas as exigencias que a normativa anterior establecía referentes a aspectos regulados noutras normativas e que non entran no eido da habitabilidade de vivenda. Remítese á lexislación sectorial correspondente as referencias relativas ao gas radon e reutilización de augas grises, que deben ser reguladas polas normas sanitarias e pola regulamentación ambiental. Tampouco se regulan as condicións de eficiencia enerxética das vivendas xa que estas veñen establecidas no código técnico da edificación e non deben ser obxecto da normativa de habitabilidade.

Rehabilitación

A rehabilitación de edificios e vivendas xa existentes cobra cada día máis importancia, polo que a normativa de habitabilidade regula medidas que evitan os longos trámites burocráticos establecidos na norma anterior e que dificultaban e ata impedían a realización das obras de rehabilitación. Neste sentido, entre as medidas no novo decreto están as seguintes:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Flexibilízanse as condicións para compatibilizar os requirimentos de habitabilidade de vivendas cos de protección do patrimonio.
- Establécese un novo procedemento de excepción para os casos en que sexa imposible o cumprimento estrito das determinacións destas normas.
- Redúcense as exixencias normativas en actuacións de rehabilitación de escasa entidade evitando que o particular teña que escoller entre proceder á redistribución total das vivendas ou descartar a rehabilitación. Nestes casos, só se esixe que as reformas previstas non deturpen as condicións de habitabilidade da vivenda preexistente.

O decreto establece un procedemento de autorización das excepcións ao cumprimento de determinados aspectos da normativa, cando resulte inviable a súa aplicación. Así mesmo, acouta os casos en que se pode optar polo dito procedemento de excepción e establece os límites das posibles excepcións. Este procedemento de excepción pasa a depender dos concellos, de xeito que se reduce considerablemente o tempo de tramitación das licenzas, que dependerá agora dunha administración que ten un contacto máis directo cos cidadáns, facilitándose os trámites necesarios e as canles para obter a información precisa.

Adxuntase cadro comparativo entre a nova normativa de habitabilidade e a norma do hábitat anterior:

**COMPARACIÓN ENTRE A NOVA NORMATIVA DE HABITABILIDADE E A
NORMA DO HÁBITAT ANTERIOR**

NOVA NORMATIVA DE HABITABILIDADE	ANTIGA NORMA DO HÁBITAT
Portas das vivendas: mínimo 0,80 por 2,03 metros	Mínimo 0,80 por 2,10 metros. Obrigaba a fabricar portas a medida para Galicia, xa que a medida estándar é 2,03 metros.
Fiestras nas cubertas: permítese a iluminación e ventilación a través de fiestras nas vertentes das cubertas, sempre que se garanta vistas similares ás que permitiría unha venta na parede	Prohibía a iluminación e ventilación a través de ventás nas vertentes de cuberta
Trámite de excepción: resólveo o Concello	Resolvíao a Consellería despois dunha tramitación prolongada por parte do Concello
Estar ou comedor: mínimo un cadrado de 3,3 metros de lado.	Estar ou comedor: mínimo un cadrado de 3,3 metros de lado.
Dormitorio principal: mínimo un cadrado de 2,6 metros de lado	Dormitorio principal: mínimo un cadrado de 2,7 metros de lado



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Dormitorio dobre: mínimo un cadrado de 2,6 metros de lado	Dormitorio dobre: mínimo un cadrado de 2,7 metros de lado
Dormitorio individual: mínimo 8 metros cadrados de superficie, que permita a inscrición dun cadrado de 2,20 metros de lado	Mínimo 8 metros cadrados de superficie
Permítese integrar o dormitorio no salón (apartamentos tipo "loft")	Obrigaba a que a vivenda tiveran un dormitorio independente da zona de estar.
Estar e comedor: mínimo un cadrado de 3,3 metros de lado. A distancia mínima entre paredes enfrontadas será de 2,70 metros. Norma flexible para solares pequenos de xeometría irregular	Estar e comedor: mínimo un cadrado de 3,3 metros de lado. A distancia mínima entre paredes enfrontadas será de 2,50 metros.
Armarios: mínimo 1 metro cadrado, cun fondo de 60 centímetros. Ademais toda vivenda deberá ter un rocho anexo.	Mínimo 0,60 metros cadrados por habitante, o que dificulta a promoción de vivendas de 90 metros cadrados con tres dormitorios dobres. O rocho non é obrigatorio
Altura mínima entre pavimento e teito rematados; 2,50 metros en salón, dormitorios e cociña. 2,20 metros no resto.	Altura mínima entre pavimento e teito rematados; 2,50-2,60 metros en salón, dormitorios e cociña. 2,20-2,40 metros no resto
Lavadoiro e tendedeira: mínimo 1,5 metros cadrados de lavadoiro e 1,5 metros cadrados de tendedeira, que pode ser un espazo pisable	Mínimo 2 metros cadrados de lavadoiro. A tendedeira vai nun patio, cos conseguintes problemas entre veciños.
Corredores: mínimo un metro entre paredes. Pode haber estreitamentos puntuais de 90 centímetros	Mínimo un metro entre paredes
Voos e recuamentos: non se regulan por que corresponde facelo á normativa urbanística.	Regúlaos, invadindo competencias alleas
Rochos: obrigatorio, mínimo 4 metros	Non é necesario.
O planeamento regula as condicións exteriores da vivenda pero como mínimo a estanza maior debe ventilar a través de espazos exteriores	Obrigaba a que todas as pezas, excepto unha, tiveran ventilación dende espazos exteriores
Asolamento: regulado polo planeamento en función das condicións de cada lugar	Obrigaba a que o salón ou os dormitorios tiveran polo menos unha hora de solo diaria, impedindo a construción de vivendas en determinados ámbitos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ventás: en tódalas estancias a distancia máxima entre o chan e a ventá de iluminación será de 1,10 metros	No estar ou comedor a distancia máxima entre a ventá e o chan non podía superar o 45 centímetros.
Gas radón: será regulado pola normativa sectorial	Indicábase que se tería especial consideración coa eliminación de gas radón, pero sen especificar como nin os límites de gas

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O TRASPASO DA ESTRADA PONTEARNELAS-CABANELAS EN FAVOR DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

- *A estrada pontevedresa discorre polos termos municipais de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa*
- *O cambio de titularidade responde á natureza da estrada pois ten carácter supramunicipal e conecta con estradas provinciais*
- *A vía ten unha lonxitude de 2.520 metros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o traspaso da estrada Pontearnelas-Cabanelas, que discorre polos termos municipais dos concellos de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa; en favor da Deputación Provincial de Pontevedra. Esta vía ten unha lonxitude de 2,5 quilómetros

A Consellería de Medio Ambiente decidiu estudar e aprobar esta proposta despois de recibir unha petición por parte dos concellos pontevedreses –titulares desta vía- e da Deputación de Pontevedra. O artigo 5 da Lei de estradas de Galicia (4/1994) establece que os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do departamento competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións afectadas.

Os concellos de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa acordaron -o pasado 30 de abril do 2009- ceder a estrada Pontearnelas-Cabanelas a favor da Deputación Provincial. Posteriormente, a Dirección Xeral de Infraestruturas aceptou esta transferencia por considerar favorable o informe emitido polos técnicos, xa que a devandita vía adquiriu características netamente urbanas.

O cambio de titularidade da estrada Pontearnelas-Cabanelas ten a súa natureza no carácter supramunicipal da estrada e a súa conexión con estradas provinciais de xeito que absorbe un tráfico maior ao dunha estrada convencional. Por esta razón, é necesario que a estrada teña un deseño homoxéneo e un tratamento uniforme independentemente do concello concreto polo que discorre.

Competencias da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra, ao asumir a titularidade desta vía que formará parte do seu Plan de Estradas, ten a obriga de levar a cabo as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación; ademais da responsabilidade da seguridade viaria da estrada. A partir dese momento, este tramo pasará a denominarse EP 9511 Cabanelas-Pontearnelas.

O traspaso da competencia da estrada Pontearnelas-Cabanelas que transcorre polos termos municipais de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa será efectiva no prazo de dous meses despois da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN MODERNIZOU XA VINTE CURRÍCULOS DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

- *O Goberno actual desenvolveu este traballo en só dez meses, mentres que o equipo anterior só adaptou 6 títulos en toda a lexislatura*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos currículos dos ciclos de Instalacións Térmicas e de Fluídos, Fabricación Mecánica e Farmacia e Parafarmacia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe os decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de grao superior en Instalacións Térmicas e de Fluídos, e de Fabricación Mecánica; e de grao medio en Farmacia e Parafarmacia. Deste xeito, estes ciclos formativos quedan adaptados aos requerimentos da Lei orgánica de educación (LOE).

Con este visto e praxe, a Consellería de Educación continúa co proceso de reforma integral da formación profesional que está a levar a cabo, co fin de poñela en valor e elevar o seu recoñecemento social aos niveis dos que goza na contorna europea. De feito, o actual Goberno xa leva adaptado 20 ciclos de FP, fronte aos 6 que modernizou o anterior equipo da consellería en toda a lexislatura.

En virtude destes cambios, os currículos dos estudos quedan modificados, e adaptáse o temario da Comunidade Autónoma de Galicia ao Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Inserción laboral

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha completa estratexia de impulso da FP, que goza dun probado éxito no tocante ao nivel de empregabilidade dos seus titulados, e que se está a revalorizar como medio de inserción laboral entre os máis novos.

A formación profesional está a ser un sistema de oportunidades para a xuventude, xa que ademais dos bos niveis de inserción laboral, os titulados de grao superior poderán acceder á universidade para continuar os seus estudos.

Coa modificación dos currículos aprobada hoxe quedan establecidas e delimitados, a identificación do título, o seu perfil profesional, e o contorno profesional en que os estudantes van exercer o seu labor, co que se facilita o acceso ao mundo laboral do alumnado. Ademais, quedan establecidos os obxectivos xerais que o alumnado debe acadar ao finalizar o ciclo formativo e as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe en cada módulo, que lles deben permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral. Así mesmo, fíxanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional.

Profesionais mellor cualificados

Para achegar aos estudantes ao mundo laboral, os novos currículos inclúen un módulo de formación en centros de traballo do contorno produtivo do alumnado, de tal modo que complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo do centro. Ademais, os alumnos e alumnas destes ciclos formativos recibirán formación para a prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, o que lles permitirá obter do certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico.

Por outra banda, e para fomentar a formación ao longo da vida, quedan determinadas as correspondencias dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, no caso de profesionais con competencias adquiridas a través da experiencia laboral e outras aprendizaxes non formais.

O fin destas modificacións é conseguir uns profesionais cada vez mellor cualificados, de tal forma que os titulados en FP poidan dar resposta ás necesidades do tecido e sectores produtivos galegos.

A XUNTA E O CONCELLO DE CABANAS INVESTIRÁN 1,6 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA AO POLÍGONO DE VILAR DE COLO E Á PARROQUIA DE LARAXE

- *Coa nova instalación da rede de canalizacións darase solución á falta de caudal existente no polígono industrial de Vilar de Colo, e asegurarse a correcta subministración á residencia de anciáns situada en Laraxe*
- *O departamento de Agustín Hernández achegará para esta actuación un orzamento de 1.137.736 euros e o Concello de Cabanas un total de 477.575 euros*
- *Esta actuación beneficiaría un total 3.336 habitantes*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Cabanas para a execución da rede de abastecemento de auga deste concello coruñés. Coa nova instalación da rede de canalizacións darase solución á falta de caudal existente no polígono industrial de Vilar de Colo, e asegurarse a correcta subministración á residencia de anciáns situada en Laraxe

A partida orzamentaria que destinará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos será de 1.137.736 euros distribuídos en dúas anualidades, 337.736 euros en 2010 e 800.000 no vindeiro ano. Por outra banda, o Concello de Cabanas achegará 477.575 euros en 2011.

Esta actuación ten por finalidade atallar unha importante carencia de abastecemento de auga adecuado polo que é preciso realizar unha serie de actuacións que melloren a deficiencia de caudal que fornece a rede de abastecemento do concello, que se ve agravada especialmente nos meses de verán.

Polo tanto, esta obra resulta imprescindible xa que resolverá un problema que sofren os 3.336 habitantes de Cabanas así como o contorno natural do concello.

O sistema de conexión

De acordo co establecido no convenio, a EPOSH licitará as obras necesarias para conectar o polígono de Vilar do Colo á rede existente, que se alimenta desde o sistema de abastecemento de Pontedeume, proveniente do río Eume. Así, unha instalación de bombeo elevará a auga ata un depósito de subministración, desde o que se abastecerá a parroquia de Laraxe e se mellorará o servizo ao Polígono de Vilar do Colo, que nestes momentos non conta con suficiente presión na rede.

A impulsión da auga á cota desexada realizarase en dúas fases, ambas incluídas nesta obra. Na primeira fase, a nova estación de bombeo instalarase a unha altura de 82 metros e elevará un caudal de auga de 218 m³/h cara a un depósito situado a 124

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

metros. Desde esta última altura bombearase parte do caudal a un novo depósito regulador de 1.115 m³ de capacidade, situado a unha altura de 225 metros.

Finalmente, desde estas instalacións conectarase co polígono industrial de Vilar do Colo e co núcleo de Laraxe, mellorando e ampliando ademais a súa rede de subministración. O contratista adxudicatario desta obra contará con oito meses para executalas.

Obrigas

Entre as obrigas que asumirá a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas -despois da sinatura deste convenio- está a de executar e coordinar as obras precisas para levar a cabo o proxecto e, posteriormente, entregar as obras ao Concello.

En canto ás obrigas do organismo municipal, o Concello de Cabanas deberá asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio e deberá poñer á disposición da Consellería os terreos necesarios para a execución das obras, cos permisos e autorizacións correspondentes, libres de cargas e gravames. Así mesmo, deberá comprometerse a actualizar as tarifas pola prestación dos servizos e renunciará á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local que deriven da obra nos terreos despois de que esta remate.

Ademais, procederá a publicar o proxecto xunto coas alegacións pertinentes, no *Boletín Oficial da provincia*. Cando a obra remate, o Concello de Cabanas comprometerase ao mantemento e a conservación das instalacións.

Por último, establecerase unha comisión de seguimento para o desenvolvemento do convenio e o seu control, que estará formada por un representante de cada unha das partes asinantes.

Esta actuación que financia a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas enmárcase dentro dos obxectivos que fixa a Unión Europea a través da Directiva Marco da Auga, na cal se sinalan criterios para o abastecemento de auga dos núcleos de poboación.

A XUNTA ACTIVA EN PONTEVEDRA A RE-DIC COMO REDE PIONEIRA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL

- *O acordo entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación de Pontevedra permitirá a definitiva activación da primeira Oficina Provincial de Comercio nesta provincia*
- *A Re-dic establece mecanismos áxiles e eficaces para informar, dinamizar e orientar os comerciantes acerca das diferentes liñas de axuda e iniciativas de apoio deseñadas de cara á reestruturación e modernización do sector*
- *O departamento que dirixe Javier Guerra reforza as medidas de apoio ao pequeno comercio para a dinamización do tecido comercial galego, tendo en conta o peso específico do pequeno comercio na economía galega*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación Provincial de Pontevedra para activar a Rede de Dinamización Comercial (Re-dic) como un conxunto de accións dinamizadoras e de coordinación e mellora do comercio que comeza na provincia de Pontevedra e que posteriormente se fará extensiva a outras zonas.

Esta iniciativa pioneira en Galicia, e que suporá o lanzamento definitivo da primeira Oficina Provincial de Comercio en Pontevedra, está a desenvolverse co financiamento da consellería que dirixe Javier Guerra, cunha achega de 288.175 euros, para apoiar o pequeno comercio galego nun proceso de cambio que exige realizar un esforzo de renovación e adaptación permanente.

O pequeno comercio ocupa unha posición central na dinámica de desenvolvemento económico e social das vilas e cidades galegas, de tal xeito que a Consellería de Economía e Industria ten no apoio ao pequeno comercio un dos eixes centrais dentro da estratexia de dinamización do tecido comercial galego.

A Re-dic vaise pór en marcha a partir dun estudo detallado sobre o tecido comercial da provincia de Pontevedra e os elementos básicos necesarios de cara ao artellamento desta rede, realizado tamén en 2009 co financiamento da Consellería de Economía e Industria coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Por outra banda, ao abeiro deste convenio tamén se reforzarán as accións de coordinación entre a Xunta e a Deputación no achegamento da información aos comerciantes, que inclúe a mellora no asesoramento e das actividades de cara á dinamización do tecido comercial galego, como unha das iniciativas centrais no desenvolvemento desta rede.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, continúa a desenvolver as iniciativas de promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio galego, atendendo especialmente á reforma,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

coordinación e mellora das estruturas e procesos de distribución comercial ; a asistencia ás administracións locais en materia de establecementos e espazos comerciais; ao impulso do asociacionismo comercial, e á axeitada asistencia técnica comercial en colaboración con outras entidades e institucións.

O convenio aprobado hoxe ten como finalidade establecer mecanismos de colaboración entre as diferentes administracións a prol da reactivación do comercio que permitirán a posta en marcha de actividades de xeito conxunto. Por outra banda, tamén se están a establecer mecanismos áxiles e eficaces para informar, axudar e orientar os comerciantes acerca das diferentes liñas de axuda e iniciativas de apoio deseñadas para a reestruturación e modernización do sector, a través da creación da primeira Oficina Provincial de Comercio.

Así mesmo, esta iniciativa tense creado co obxectivo de favorecer o equilibrio da ordenación comercial en Galicia con actuacións específicas nos diferentes concellos atendendo ás súas características propias, que pasan pola coordinación cos distintos axentes de dinamización comercial localizados no territorio e a posta en marcha de traballos cos mercados municipais e os seus xerentes.

Con este acordo actívase a creación e deseño do proxecto Re-dic e a súa difusión dentro do sector comercial galego, unha rede que terá un funcionamento pioneiro en Galicia ao ampliar o seu radio de acción a oficinas comarcais, coordinadas desde a oficina provincial que, xunto cos axentes de dinamización, traballarán máis preto dos comerciantes locais.

GALICIA ACHEGARÁ 250.000 EUROS AO PLAN ESTRATÉXICO DE PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICA INTERNACIONAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *Con motivo do Ano Santo 2010, o Consello da Xunta aprobou a sinatura do Plan de Promoción Turística no que participan Turespaña e as comunidades autónomas de Galicia, Aragón, Navarra, La Rioja, País Vasco, Castilla e León, Asturias e Cantabria. O plan disporá dun orzamento total de 2 millóns de euros.*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do Plan Estratéxico de Promoción e Comercialización Turística Internacional do Camiño de Santiago, ao que a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo achegará un total de 250.000 euros con ocasión da celebración do Ano Santo 2010. Neste plan, que contará cun orzamento total de 2 millóns de euros, participan Turespaña e as comunidades autónomas de Galicia, Aragón, Navarra, La Rioja, País Vasco, Castilla y León, Asturias e Cantabria. O convenio promove a colaboración para a realización de campañas de márketing e publicidade con todas as administracións públicas concernidas polo Camiño Francés e Camiño do Norte. Terá vixencia ata o 31 de decembro de 2010.

Este acordo enmárcase na prioridade que a Xunta de Galicia outorga ao Ano Santo, considerándoo como unha ocasión especialmente favorable para incrementar o coñecemento e a notoriedade internacional do Camiño de Santiago. Deste xeito, a Xunta de Galicia apoia a necesidade de trazar unha estratexia que posibilite o establecemento de novas sinerxías co motivo do Xacobeo 2010. Con este obxecto apróbase o Plan Estratéxico de Promoción e Comercialización Turística Internacional do Camiño de Santiago, que contará cun orzamento de 2 millóns de euros. A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, achegará un total de 250.000 euros para a promoción do turismo galego nos mercados susceptibles de incrementar a captación de turistas cara o destino Galicia.

Con este investimento realizaranse diversas accións de márketing que irán dirixidas a fortalecer o posicionamento dos destinos e produtos turísticos existentes arredor do Camiño de Santiago: campaña de publicidade internacional, accións de márketing directa, márketing viral e un plan de comunicación.

O Plan estratéxico inscríbese nas competencias da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo en materia de promoción do turismo mediante a realización de campañas de publicidade, así como outras accións dirixidas aos potenciais turistas do Camiño de Santiago. Pola súa banda, o Instituto de Turismo de España (Turespaña) éríxese como a sociedade pública de promoción do turismo e coordinadora do Plan de Actuación Destinado ao Desenvolvemento da Promoción Turístico-Cultural do Camiño de Santiago.

Promoción e comercialización turística internacional

As estratexias que emprenderán as entidades asinantes para a promoción e comercialización turística internacional estrutúranse en torno a catro grandes grupos de actuacións. As accións de márketing directo levaranse a cabo en 20 mercados que acadarán unha cifra aproximada de 2 millóns de consumidores. Neste tipo de iniciativas o destinatario é obxecto dunha comunicación específica sobre a oferta que representa o Camiño de Santiago. As accións de márketing viral teñen como obxectivo prioritario potenciar a promoción *on-line* do Camiño de Santiago.

Mediante o plan estratéxico implementaranse tamén 60 accións de comunicación en mercados europeos, americanos e asiáticos que englobarán presentacións nos mercados de orixe, publicacións de boletíns informativos e newsletter e roldas de prensa. O obxectivo destas actuacións diríxese cara á presenza en España de un centenar de xornalistas internacionais que recollan nos seus medios diversas facetas do Camiño de Santiago.

Entre outras accións de márketing destacan a extensión do produto Privilege España ao Camiño de Santiago, o mantemento do canal temático sobre o Camiño a través de Turespaña e a elaboración dunha Axenda Cultural do propio Camiño. Así mesmo, dúas Comunidades Autónomas acudirán en representación do Camiño ás feiras internacionais que se realizarán en Alemaña (Stuttgart e Berlín), Bélxica (Bruselas), Brasil (Rio de Janeiro), Francia (París), Holanda (Utrecht), Italia (Milán e Roma), Inglaterra (Londres) e Polonia (Varsovia).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU HOXE A SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON AIR BERLÍN E VUELING PARA A PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA

- *Turgalicia, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e mais Vueling Airlines S.A. asinarán un convenio por valor de 2.600.000 euros para promocionar o turismo galego nos mercados internacionais e para levar cabo unha campaña de promoción do Camiño de Santiago e do Ano Santo entre os pasaxeiros da compañía.*
- *Turgalicia asinará con Air Berlín un convenio por valor de 300.000 euros para levar a cabo unha campaña de promoción turística de Galicia entre os pasaxeiros da compañía Air Berlín para dar a coñecer os aeroportos e cidades galegas ás que voa a aeroliña e promocionar o turismo galego nos mercados internacionais.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia- Turgalicia e a aeroliña Air Berlín e mais entre Turgalicia, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e Vueling para promocionar o turismo galego nos mercados internacionais.

O convenio entre Turgalicia e Air Berlín asinarase por valor de 300.000 euros e o seu obxectivo é desenvolver unha campaña de promoción turística de Galicia entre os pasaxeiros de Air Berlín para dar a coñecer os aeroportos e cidades galegas ás que voa esta compañía e realizar unha campaña de promoción turística de Galicia en mercados de orixe de interese para a Comunidade Autónoma como Alemaña, Suíza, Austria, Holanda e Dinamarca.

A compañía aérea -a segunda máis grande de Alemaña e a terceira de baixo custo de Europa- que opera en todo o ámbito europeo e mantén un *hub* en Palma de Mallorca, realizará unha campaña de promoción turística de Galicia entre os pasaxeiros da compañía nos mercados sinalados. Para isto, Turgalicia e Air Berlín acordaron un plan de márketing no que se detallan os medios e mais as datas de publicación. Turgalicia insertará ao longo do ano 2010 un microsite na web de Air Berlín para promocionar o destino Galicia. O deseño deste microsite e mais o seu contido desenvolverase en colaboración entre Turgalicia e Air Berlín.

Tendo en conta que no ámbito das compañías low-cost as reservas e a facturación se fan directamente a través das webs das compañías, os soportes publicitarios destas semellan canles óptimas para promocionar Galicia entre os potenciais visitantes estranxeiros.

Doutra parte, a Sociedade para a Imaxe e Promoción Turística de Galicia-Turgalicia e mais a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo asinarán con Vueling Airlines S.A. un convenio por valor de 2.600.000 euros para regular accións de promoción turística entre as que destaca a difusión de Galicia na páxina web do operador aéreo. Así mesmo, inseriranse

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

anuncios dixitais e incluírase información turística de Galicia nos envíos de boletíns dixitais personalizados. Levarase tamén a cabo unha campaña de promoción turística de Galicia, do Camiño de Santiago e do Ano Santo entre os pasaxeiros da compañía e concretamente dará a coñecer as rutas Santiago de Compostela-Zurich; A Coruña-Amsterdam e Vigo-Bruxelas.

O CONSELLO DA XUNTA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE A COMPILACIÓN ETNOGRÁFICA E DE CERÁMICA REGAL-XUNQUEIRA EN VIVEIRO (LUGO)

- *A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pretende revalorizar unha mostra destacada da arqueoloxía industrial galega no ámbito dos curtidos e, pola súa vez, converter o complexo nunha plataforma de difusión da historia do proceso de elaboración da cerámica.*

O Consello da Xunta recoñeceu, autorizou e cualificou como colección visitable a compilación etnográfica e de cerámica Regal-Xunqueira, que garantirá a permanencia dun proxecto innovador na recuperación do patrimonio industrial galego. Con esta iniciativa, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pretende revalorizar unha mostra destacada da arqueoloxía industrial galega no ámbito dos curtidos e, pola súa vez, converter o complexo nunha plataforma de difusión da historia do proceso de elaboración da cerámica.

Este proxecto contribuirá a difundir unha das partes menos coñecidas actualmente do noso patrimonio cultural en todo o relacionado coa arqueoloxía industrial, creando un punto de referencia nunha futura rede centralizada en Sargadelos. Esta iniciativa é un elemento de vertebración na comunidade en que se insire, a Mariña de Lugo, por mesturar a tradición artesanal na elaboración de cerámica e a creación dunha plataforma de dinamización cultural. Deste xeito, búscase diversificar a oferta turística da comarca, permitindo desestacionalizar o turismo e achegar visitantes aos concellos do interior.

Os fondos do complexo son de tres tipos: fondos museográficos, (que inclúen dúas coleccións, a artística e a etnográfica), biblioteca especializada en arte e fondos documentais da antiga curtiduría. A colección artística dos fondos museográficos está formada por obras pertencentes ás arts aplicadas (cerámica) e ás belas artes (debuxo, pintura, escultura...) expostas, na súa maior parte, no Centro de Arte Cerámica incluíndo moldes, matrices e estudos sobre a creación dalgunha das obras expostas. A colección etnográfica está formada por pezas procedentes da fábrica de curtidos expostas no antigo muíño e documentos da antiga curtiduría.

Con estes fondos téntase dar a coñecer, por unha banda, tanto a historia da fábrica de curtidos como o proceso industrial que se levaba a cabo, desde a materia prima que se utilizaba ata o produto elaborado, e por outra, o proceso de elaboración das pezas cerámicas.

Fábrica-museo

O complexo Regal-Xunqueira comprende unha área aproximada duns 2.140 metros cadrados distribuídos en diversas edificacións e dependencias, así como unha zona

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

central dedicada a xardín. Nesta parcela desenvolveuse ata o ano 1962 a actividade industrial dunha fábrica de curtidos que chegou a ser a máis grande de Galicia.

Despois dunha intervención arquitectónica que permitiu tanto a rehabilitación total da parcela como a dos edificios que a compoñen, as antigas instalacións convertéronse nun complexo onde se mesturan a elaboración de pezas cerámicas e a actividade museística e cultural. Dentro do taller de cerámica están incluídos o obradoiro de pezas orixinais, o obradoiro de barros, de decoración e retocado, de serigrafía, de invitados e bolseiros, fornos, secadoiro, almacén de moldes, almacén de serigrafía e de matrices. Xunto á area de cerámica está a área comercial que consta de tenda, oficina e almacéns.

As instalacións que abranguen a área cultural son o Centro de Interpretación da Fábrica de Curtidos, o Centro de Arte Cerámica Regal, unha biblioteca especializada en arte e cerámica, a editorial, sala de actos, sala de exposicións temporais, zona de exposición de escultura no xardín central, taller e residencia de bolseiros.

UN TOTAL DE 130 ENTES E ORGANISMOS AUTÓNOMOS E PÚBLICOS TERÁN QUE IMPLANTAR PLANS DE IGUALDADE

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á relación dos organismos autónomos e entidades públicas con participación da Administración autonómica obrigados a elaborar e implantar estas ferramentas*
- *Trátase da primeira regulación que se establece nesta materia e dá cumprimento á Lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á relación de entes e organismos obrigados a elaborar plans de igualdade, de acordo co establecido na Lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia. Deste xeito, un total de 130 entes e organismos destas características veranse incluídos nesta obriga.

Están obrigados a elaborar estes instrumentos de promoción da igualdade a propia Administración autonómica, os organismos autónomos, as entidades de dereito público, as axencias públicas autonómicas, as sociedades mercantís públicas, as fundacións do sector público, consorcios e outros órganos, como o Consello Consultivo ou o Consello da Cultura Galega. Esta listaxe revisarase ao cabo de seis meses, e terá unha actualización anual.

Os plans de igualdade constitúen un conxunto de medidas que comprenden a fixación de obxectivos concretos e a elaboración dun código de boas prácticas na organización do traballo, entre outras actuacións.

Ademais, estas ferramentas establecen sistemas de control sobre o cumprimento e a transparencia na súa implantación, que será levado a cabo polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, en coordinación co departamento da mesma Administración competente en materia de igualdade.

A posta en marcha desta iniciativa, a primeira regulación que se leva a cabo neste eido, deriva da preocupación do Goberno autonómico por fomentar e impulsar, a través de todas as medidas precisas, a igualdade efectiva entre os homes e mulleres, neste caso no ámbito laboral.

De feito, a propia Constitución proscribe toda discriminación por razón de sexo e consagra aos poderes públicos a obriga de promover a igualdade efectiva dos individuos, unha obriga que tamén recolle o Estatuto de autonomía no seu artigo 4.

O ANTEPROXECTO DE LEI DE COMERCIO INTERIOR PERMITIRÁ A GALICIA CONTAR CUNHA NORMA ACTUALIZADA E EFICAZ QUE GARANTE O INTERESE XERAL

- *A normativa ten como obxectivo acadar a modernización, a mellora e o desenvolvemento do sector comercial galego, dando resposta ás demandas dos comerciantes sen descoidar a protección dos consumidores*
- *O texto está orientado a ordenar e equilibrar o comercio interior de Galicia conforme as súas necesidades e as súas características específicas, garantindo a liberdade no uso do idioma, de establecemento e de prestación de servizos e procurando a necesaria protección do comercio de proximidade*
- *A nova lei creará novos órganos co obxectivo de acadar unha maior simplificación e racionalización administrativa para chegar a maiores niveis de eficiencia da man do Observatorio Galego de Comercio e das mesas locais de comercio, amplamente demandados polo sector*
- *A regulamentación está aberta ás novas realidades e formatos comerciais existentes en Galicia, e definirá e ordenará as promocións en xeral e as rebaixas en particular*
- *Todas estas medidas terán como beneficiarios os cidadáns e o comercio galego, con especial atención ao pequeno comercio, que estará representado nos órganos de nova creación e interacción coas administracións*

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe sobre o anteproxecto de Lei de comercio de Galicia presentado pola Consellería de Economía e Industria, un documento no que se reflicte que transcorridos máis de vinte anos desde a aprobación da última Lei de comercio interior de Galicia, urxe afrontar unha nova regulamentación acorde coas necesidades actuais do noso comercio.

O texto que xa ten preparado o departamento que dirixe Javier Guerra Fernández conforma unha normativa integral actualizada e eficaz que protexerá o interese xeral coa finalidade de acadar a modernización, a mellora e o desenvolvemento do sector comercial galego, dando resposta ás demandas dos comerciantes sen descuidar a protección dos consumidores e aberto ás novas realidades e formatos comerciais existentes en Galicia.

A nova lei vertebrará o sector con medidas axeitadas para a súa consolidación e mellora, e está orientada a ordenar e equilibrar o comercio interior de Galicia conforme as súas necesidades e as súas características específicas, garantindo a liberdade de establecemento e de prestación de servizos e procurando a necesaria protección do comercio de proximidade, en definitiva do pequeno comercio.

Tal e como xa se avanzara, o novo texto establecerá a necesidade de autorización autonómica só en supostos de incidencia supramunicipal para aqueles establecementos individuais ou colectivos que se instalen en solo urbano non consolidado ou solo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

urbanizable, cunha superficie útil de exposición e venda ao público superior aos 2.500 metros cadrados. Esta medida conecta co respecto ao interese xeral, de xeito que sexa posible compatibilizar a liberdade de apertura cun axeitado ordenamento do territorio que favoreza o desenvolvemento equilibrado e garanta o benestar de todos os galegos, co respecto á autonomía local nos outros supostos, e coa simplificación administrativa, posto que este procedemento substituirá ao procedemento da licenza municipal de apertura.

Tamén se recolle no articulado a liberdade absoluta no uso do idioma, tal e como expón o Estatuto de Galicia, e crearanse novos órganos co obxectivo de acadar unha maior simplificación e racionalización administrativa para chegar a maiores niveis de eficiencia. Deste xeito, o novo texto regulará a creación dun Observatorio do Comercio Galego configurado como un órgano asesor, consultivo, de estudo e formación en materia de comercio, e a posta en marcha de mesas locais de comercio, amplamente demandadas polo sector, que terá funcións coordinadoras do traballo das asociacións coas administracións.

A nova regulamentación servirá tamén para definir e ordenar por primeira vez en Galicia os centros comerciais abertos; a figura dos outlets; das promocións en xeral, e das rebaixas en particular coa prohibición de ter realizado algunha práctica promocional un mes antes da data de inicio delas; e a proliferación das Feiras de Oportunidades.

Todas estas medidas terán como beneficiarios aos galegos e ao comercio galego, con especial atención ao pequeno comercio, que estará representado nos órganos de nova creación e interacción coas administracións, tal e como levaban anos demandando, e que verán como se ordenan e regulan as novas figuras comerciais aparecidas nos últimos anos e que eran fonte de conflitos e malestar.

SANIDADE INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS EN 2010 NO PROGRAMA CONCELLOS SAUDABLES

- *Máis de 160.000 persoas de toda Galicia participaron durante o 2009 nas actividades organizadas no marco deste programa*
- *Realizáronse 1.137 actividades relacionadas coa promoción da actividade física e alimentación saudable principalmente, pero tamén sobre promoción da vida sen tabaco ou lactación materna*

A conselleira de Sanidade presentou esta mañá ao Consello da Xunta o informe de avaliación do proxecto *Concellos Saudables* durante os anos 2008 e 2009, así como as liñas de actuación para 2010. Ademais, a Consellería de Sanidade a través de Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación ofertará para este 2010 subvencións por valor de 1.100.000 euros para aqueles concellos que desenvolvan actividades no marco deste programa.

A Consellería de Sanidade encárgase de convocar estas axudas económicas e técnicas para cofinanciar as actividades cos municipios que presenten os proxectos de promoción da saúde. As principais liñas a valorar son a promoción da actividade física regular e saudable, a promoción dunha alimentación equilibrada, o control do consumo de bebidas alcohólicas por menores e do seu abuso en adultos, a promoción da vida sen tabaco e outras substancias aditivas, e todas aquelas actividades de promoción e educación para a saúde que resulten da análise que os concellos fagan en relación a necesidades específicas detectadas no seu ámbito.

Resultados e investimentos en 2008 e 2009

Máis de 160.000 persoas participaron durante 2009 nas actividades organizadas no marco deste programa, o que supón un aumento de 70.000 persoas con respecto ao ano pasado.

Durante o pasado ano 2009 subvencionáronse por valor de 1.124.631 euros un total de 25 proxectos para 54 concellos de toda Galicia, o que permitiu unha cobertura poboacional de 950.774 habitantes (o 34,02% da poboación galega).

No ano 2008, o primeiro en que se realizou Concellos Saudables, a Consellería de Sanidade investiu 920.000 euros en 17 proxectos de 41 concellos galegos cunha cobertura de 377.424 habitantes, chegando ao 13,47% da poboación total de Galicia.

Datos de participación segundo actividades

Das 1.137 actividades realizadas durante 2009, as áreas de actuación con máis participación foron as de actividade física e as de alimentación saudable, que acadaron a participación de 110.851 das 160.166 persoas totais participantes nos proxectos.



ÁREAS DE ACTUACIÓN	TOTAL	
	Nº de participantes	Nº de actividades
Actividade física	65.972	488
Actividade física e alimentación saudable	3.806	40
Actividade física, alimentación saudable e promoción da vida sen tabaco	1.355	14
Alimentación saudable	39.718	306
Promoción da lactación materna	1.999	24
Promoción da vida sen tabaco, alcol e outras drogas	29.565	139
Outros (promoción saúde)	17.751	126
TOTAL	160.166	1.137

Ao longo de 2009 fixéronse máis actividades que en 2008, tanto en termos absolutos coma en media en cada unidade Concello Saudable.

	2008 (17 proxectos)	2009 (25 proxectos)
Nº TOTAL DE ACTIVIDADES	428	1.137
Media de actividades / UCS	25	45
ACTIVIDADES CONTINUADAS (varias semanas ou meses)	116	286
ACTIVIDADES CÍCLICAS (varios días, varias veces en diversas localidades)	135	198
ACTIVIDADES PUNTUAIS (un ou varios días nunha localidade)	177	643
OUTRAS	0	10

Así, nos últimos doce meses houbo un importante incremento das actividades puntuais debido, probablemente, a que este ano participaron un maior número de cidades onde, pola súa gran dimensión, é máis habitual a realización deste tipo de iniciativas. Porén, tamén se organizaron máis actividades continuadas. Destas hai que destacar que a súa sustentabilidade no tempo contribúe a modificar en maior medida os comportamentos respecto aos determinantes da saúde.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA EN CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

A celebración, o 8 de marzo, do día internacional das mulleres ten que reafirmar a obriga de todas e de todos nós, na procura da igualdade como un ben en si mesmo, e como un principio orientador no ámbito laboral, educativo, de saúde, de corresponsabilidade e de participación nunha sociedade sustentable, moderna e cohesionada.

Estamos inmersos nun contorno de grave crise económica que está a incidir máis negativamente na situación sociolaboral das mulleres. O incremento do paro laboral feminino, as súas dificultades para incorporarse ao mundo do traballo, así como a aínda escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade, son realidades que exixen novos mecanismos e novas accións proactivas para erradicar calquera tipo de discriminación.

O Goberno galego adquiriu o compromiso prioritario de avanzar na igualdade entre as mulleres e os homes construíndo un país no cal o feito de nacer cun sexo determinado non causase limitacións para o pleno desenvolvemento persoal e social. De aí, a posta en práctica de políticas con accións positivas en favor da igualdade de oportunidades e de trato no marco do emprego, a formación, as relacións laborais, a prevención de riscos, a inclusión social e da corresponsabilidade na conciliación da vida familiar e laboral.

Desde a Xunta de Galicia queremos facer extensivo este compromiso ao mundo empresarial, ás asociacións, aos axentes sociais e a toda a cidadanía galega para, desta maneira, seguir deseñando e executando as diferentes actuacións rexidas pola aplicación transversal do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre as mulleres e os homes.

Temos que camiñar cara a unha Galicia equitativa, tolerante e respectuosa coas diferenzas e na que poidamos convivir sen que prevalezan as desigualdades de xénero.